

Paco Martín destaca "a orixinalidade e a valentía" de Alejandro Tobar

28/02/2009 - Jaureguizar / El Progreso (Lugo)

O escritor Paco Martín introduciu a Alejandro Tobar na vida cultural galega presentando en sociedade literaria *Cremalleiras*, o seu primeiro libro. O autor veterano destacou do debutante, nacido en Lugo hai 25 anos, que "ten orixinalidade e valentía para tratar a metaliteratura".

O Premio Nacional de Literatura destacou que Alejandro Tobar "ten algo fundamental: que é unha vocación enorme, que sabe escribir ben, que é un lector ávido e que sabe ler", unhas características que el atopou en *Cremalleiras*, a novela editada por Tris Tram, que estivo representada este venres, durante a presentación, por Santiago Martínez.

A respecto da metaliteratura, Paco Martín aceptou que "pode pecar en exceso de citas literarias, pero fainas tanto de xente que lle gusta como de xente que non lle gusta". Engadiu que "este home é valente para defender o que non lle gusta". "É un empezo moi prometedor o desta novela, que está ben feita, ben construída", sentenciou.

Alejandro Tobar, que reside en Copenhague tras ter estudado en Madrid e vivido en Marsella, "ten un sentido claro da galegitude, de que a súa obra debe estar en galego e de que fai literatura galega", comentou Martín en referencia á escolla lingüística.

Cremalleiras percorre a vida dun rapaz de 25 anos. O mozo é peculiar porque ten o corpo cheo de cremalleiras e acaba sendo obxecto de estudo por parte dos científicos. O libro acompaña tamén o protagonista nas súas viaxes polo mundo e nas súas lecturas. Entre as súas filias impresas figuran as obras de Alejo Carpentier e Oqando e entre as fobias, os relatos do escritor catalán Quim Monzó.